

O FONDO NA SUPERFICIE

-Concepción libérrima do fondo e da forma-

Hai entre vostedes un ser que cansou dos libros aqueles nos que só se percibe o fondo sobre a superficie dunha saba de auga de letras. Si, el é consciente de que é algo paradoxal falar dun fondo nunha superficie, pero soe ser, e dóelle.

Fondos?, pois historias tramáticas (que non dramáticas) con plantexamento, nó e desenlace, que contan intrigas, que narran conspiracións, asasinatos, misterios, romances, aventuras que masturban un chisco aos lectores e logo reléganse por si soas aos estantes do perpetuo esquecemento.



Formas?, a forma atráeo máis; é como unha muller (ou home, pero xa non sería o mesmo a metáfora, síntoo) doce que se move sinuosa. A forma engaiola e reflicte os pensamentos propios, alleos, totais; compendia saberes reflectindo o interior foro do que subscribe a prosa. Pois a forma non engana e o fondo si; a forma é un sinal de identidade.

O fondo reflicte os designios do escritor -cantas veces pecuniarios!!-; o que nos quere contar. A forma é o xeito de contalo e é susceptible de ser empregado por nós para aprender a vivir.

Fondos hai moitos; formas menos. Por que lle chamarán fondo se no fondo pouco fondo é? pero é e está para que un escolla seu camiño. E formas deses fondos? pois suxeito, predicado e complementos.

Fondos son xéneros: ciencia ficción, terror, oeste, negro, romántico...; formas é literatura constante pertinaz e contumaz que nos debuxa e nos define. Formas Otero, Joyce, Saramago, Lobo Antunes, Eternidade, cuxa esnaquizada copia é o tempo. O pouco que temos para enchernos de literatura plena e sempre.

Manteñamos as formas. Sería mellor para todos. Ou non?

O FONDO NA SUPERFICIE

© 2007 Jorge E. Bóveda

cretine4@hotmail.com